

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN – S.9.2024

Data e hora de celebración

10 de xuño de 2024 ás 10:00 h.

Lugar de celebración

Casa do Concello – 2º andar

Asistentes

PRESIDENTA

Dona Marián Ferreiro Díaz, Alcaldesa-Presidenta

SECRETARIO

Don Alejandro Fernández Cortés, xefe do Servizo de Contratación

VOGAIS

Dona María del Pilar Canzobre Méndez, Interventora Xeral

Don Alfonso de Prado Fernández-Canteli, Secretario Xeral

Orde do día

- 1.- Aprobación de acta: S.8.2024 - Aprobación de acta S.8.2024
- 2.- Apertura criterios avaliados automaticamente: CON/11/2024 - Servizo para o desenvolvemento de accións formativas de permisos de condución
- 3.- Apertura e cualificación administrativa: CON/2024/12 - Servizo para a execución do programa municipal de participación cidadá
- 4.- Apertura criterios baseados en xuízos de valor: CON/2024/12 - Servizo para a execución do programa municipal de participación cidadá
- 5.- Valoración criterios avaliados automaticamente: CON/5/2024 - Servizo para o desenvolvemento da acción formativa de Operador carretilleiro + Operador de plataformas elevadoras PEMP
- 6.- Proposta adxudicación: CON/5/2024 - Servizo para o desenvolvemento da acción formativa de Operador carretilleiro + Operador de plataformas elevadoras PEMP
- 7.- Valoración criterios avaliados automaticamente: CON/13/2024 - Servizo de realización de itinerarios formativos no sector da prevención de riscos laborais
- 8.- Proposta adxudicación: CON/13/2024 - Servizo de realización de itinerarios formativos no sector da

prevención de riscos laborais

Exponse

1.- Aprobación de acta: S.8.2024 - Aprobación de acta S.8.2024

A Mesa acorda a aprobación da acta correspondente á sesión S.8.2024, celebrada o pasado 31 de maio de 2024.

2.- Apertura criterios avaliados automaticamente: CON/11/2024 - Servizo para o desenvolvemento de accións formativas de permisos de condución

Outorgado na sesión S.8.2024 un prazo á empresa ANPIDRIVER S.L., para proceder á presentación do anexo I, así como, no seu caso, a xustificación dos módulos transversais; por non acharse estes documentos incluídos inicialmente no “Sobre ou arquivo 2: Documentación referente aos criterios avaliados de forma automática (Oferta económica, perfil do profesorado e melloras)”; obsérvase que o licitador presentou correctamente e en prazo o dito anexo I. A Mesa, en consecuencia, acorda admitir definitivamente a este licitador.

A documentación achegada será trasladada ao Servizo Sociocomunitario, para que formule proposta de valoración dos perfís profesionais e melloras ofertadas.

3.- Apertura e cualificación administrativa: CON/2024/12 - Servizo para a execución do programa municipal de participación cidadá

Outorgado na sesión S.8.2024 un prazo á empresa REXENERANDO S. COOP GALEGA, para proceder á emenda do anexo III (DECLARACIÓN RESPONSABLE DOS LICITADORES EN RELACIÓN Á PROTECCION DE DATOS PERSOAIS); obsérvase que o licitador presentou correctamente e en prazo o dito anexo III. A Mesa, en consecuencia, acorda admitir definitivamente a este licitador.

4.- Apertura criterios baseados en xuízos de valor: CON/2024/12 - Servizo para a execución do programa municipal de participación cidadá

Procédese á apertura do “Sobre ou arquivo 1: Documentación referente aos criterios avaliados mediante xuízo de valor”, da oferta da empresa que resultou admitida:

NIF: F70418437 REXENERANDO S. COOP GALEGA

A documentación achegada será trasladada ao Servizo Sociocomunitario para a emisión do correspondente informe de valoración.

5.- Valoración criterios avaliados automaticamente: CON/5/2024 - Servizo para o desenvolvemento da acción formativa de Operador carretilleiro + Operador de plataformas elevadoras PEMP

Dáse sucinta lectura do informe suscrito pola Xefa do Servizo Sociocomunitario, en data 3 de xuño de 2024, no que se propón a valoración dos perfís profesionais e das melloras ofertadas. A Mesa fai seu o

contido deste informe, valorando as ofertas de acordo co seguinte cadro:

EMPRESA	PUNT. OFERTA	PUNT. MÓDULOS TRANSV.	PUNT. CHARLAS	PUNT. VISITAS	PUNT. PERFÍS	TOTAL
GAM TRAINING APOYO Y FORMACIÓN S.L.	30,00	15,00	5,00	5,00	1,70	56,70
GESTION PLUS, S.L.U.	25,90	15,00	2,50	2,50	5,60	51,50

O informe sinalado con anterioridade deberá publicarse para xeral coñecemento.

6.- Proposta adxudicación: CON/5/2024 - Servizo para o desenvolvemento da acción formativa de Operador carretilleiro + Operador de plataformas elevadoras PEMP

De acordo coa anterior avaliación, a Mesa conclúe a seguinte lista ordenada de maneira decrecente de puntuación:

Nº ORDE	EMPRESA	PUNTUACIÓN			OBSERVACIÓNS
		AUTOMÁT.	XUÍZO VALOR	TOTAL	
1	GAM TRAINING APOYO Y FORMACIÓN S.L.	56,70	18,40	75,10	Proposto para a adxudicación
2	GESTION PLUS, S.L.U.	51,50	20,05	71,55	

7.- Valoración criterios avaliados automaticamente: CON/13/2024 - Servizo de realización de itinerarios formativos no sector da prevención de riscos laborais

Dáse sucinta lectura do informe suscrito pola Xefa do Servizo Sociocomunitario, en data 4 de xuño de 2024, no que se propón a valoración dos perfís profesionais e das melloras ofertadas. A Mesa fai seu o contido deste informe, valorando a única oferta presentada de acordo co seguinte cadro:

EMPRESA	PUNT. OFERTA	PUNT. MÓDULOS TRANSV.	PUNT. CHARLAS	PUNT. VISITAS	PUNT. PERFÍS	TOTAL
GESTION PLUS, S.L.U.	30,00	15,00	0,00	0,00	8,95	53,95

O informe sinalado con anterioridade deberá publicarse para xeral coñecemento.

8.- Proposta adxudicación: CON/13/2024 - Servizo de realización de itinerarios formativos no sector da prevención de riscos laborais

De acordo coa anterior avaliación, a Mesa conclúe a seguinte lista ordenada de maneira decrecente de

puntuación:

Nº ORDE	EMPRESA	PUNTUACIÓN			OBSERVACIÓNS
		AUTOMÁT.	XUÍZO VALOR	TOTAL	
1	GESTION PLUS, S.L.U.	53,95	21,35	75,30	Proposto para a adxudicación

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as 10 horas e 23 minutos, redactándose a presente acta de cuxo contido eu, como Secretario, dou fe co visto e praxe da Presidenta

D. Alejandro Fernández Cortés

Dna. Marián Ferreiro Díaz

Xefe do Servizo de Contratación – Secretario

Alcaldesa-Presidenta – Presidenta da Mesa